

SOBRE TODO DE NOCHE

1202

Víctor Iriarte, 2023

ESTREA EN NUMAX: 01.II.2023 | V.E. | +12

Cando Vera (Lola Dueñas) era moza, non puido facerse cargo do seu fillo e tivo que dalo en adopción. Cando Cora (Ana Torrent) era moza, o seu médico díxolle que non podería ter fillos e que só adoptando podería formar unha familia. Ambas comparten esa experiencia de ter sido nais dun neno chamado Egoz (Manuel Egozkue). Agora, ambas mulleres reencóntranse en Portugal para repasar a historia das súas vidas e reescribir os seus destinos.

«mestura de forma estupenda as
súas cartas para incomodar, ou
conmover.»

Tommaso Koch, EL PAÍS



Conversa entre Isaki Lacuesta e Víctor Iriarte: «O filme pasa do político ao íntimo, do cinema negro ao melodrama, dun personaxe a outro»

Isaki Lacuesta (IL): *Sobre todo de noche* comeza cunha cita de Roberto Bolaño que anuncia que estamos ante unha historia policiaca, ante a historia dun crime atroz. “Pero non o vai parecer”, di Bolaño. Por que te expós a contar unha historia que se enmarca no cinema negro? É moi curioso observar como a túa película, a medida que avanza, deixa de lado ese código noir para converterse despois noutra película. Paréceme un xesto moi libre e moi valente transformar unha historia política-policíaca nun melodrama íntimo. **Víctor Iriarte (VI):** Desde o inicio do proxecto imaxino unha película de vinganza e de violencia. Un policíaco sobre unha muller que foi pisada polo sistema e quere vingarse. Por tanto, o xénero está xa na orixe, si. Tamén sabía que esa historia se ía enmarcar no real, nunha noticia real que leo na prensa e que fala dun dos capítulos máis negros da historia recente de España, unha ferida aínda aberta e sen resolver. A ese primeiro personaxe súmolle outro, tamén unha muller coa súa propia historia de vida e de violencia. E sumo un terceiro personaxe, que fai de ponte entre as dúas mulleres. E é nese momento cando entendo que a película é como unha viaxe e que vai necesitar poder transformarse, poder pasar do político ao íntimo, do cinema negro ao melodrama, dun personaxe a outro, dunha paisaxe a outro.

É un xesto de necesidade narrativa e de liberdade. Pero, aínda que cambie, creo que nunca abandonamos a idea de película política, non? Porque esa intimidade entre nai-fillo-nai é tamén profundamente política. E entendo que poidas dicir que a nosa película se vai transformando a medida que avanza: hai unha viaxe, hai tres cidades (Madrid, San Sebastián, Porto), hai tres personaxes, hai decisións de forma, estrutura e relato que reforzan esa idea. Pero cambia da mesma forma en que unha actriz de cinema negro pode tinguir o pelo para ser outra. A cor é diferente, agora é loira, pero no fondo a película segue sendo a mesma: esta é a historia dun crime, a historia dunha ferida, a historia dun reencontro.

IL: Recordo que cando me enviaches o recorte desa noticia do xornal que citaches, tiñas xa outra imaxe moi clara que dalgunha forma define a película: dúas mulleres de mediana idade deitadas a beiras do río Douro. Sorprendeume moito que con eses dous elementos expuxeses tan rápido o marco do que despois terminou sendo *Sobre todo de noche*. Parece que aí estaba xa todo e que se trataba de tirar do fío. Gustaríame que lembrases esa fase de inicio e orixe do proxecto. **VI:** Lin esa noticia breve hai algúns anos e aquela historia quedáraseme moi dentro. Publicouse no xornal El País en febreiro de 1996 e dicía así: 50 antigos alumnos dun orfanato descubren quen son as súas nais biolóxicas ao recibir unha serie de cartas anónimas. Un sospeitoso acusado de roubar os arquivos da institución. O caso interesoume por dúas razóns moi poderosas: Primeira, pola súa vinculación directa coa historia negra da España do franquismo e da transición. Durante os últimos anos da ditadura e o inicio da democracia, o roubo de bebés a mulleres foi unha práctica amparada polo sistema xudicial postfranquista. As asociacións calculan que entre 1940 e os anos 90, preto de 300.000 bebés foron roubados en España.

A segunda razón tiña que ver coa dimensión humana desta historia. Imaxinei unha casa de campo xunto ao río Douro, durante o verán, á hora da sesta, con dúas mulleres de preto de cincuenta anos durmindo no xardín exterior, mentres o son das chicharras o toma todo. Unha, a nai biolóxica. A outra, a nai adoptiva. No medio, a modo de ponte, ese fillo que acaba de descubrir a historia verdadeira das súas dúas nais, a súa propia identidade.

De que falarían estas dúas mulleres? Como afrontarían o seu pasado, o seu presente e o seu futuro? Como tratarían de reescribir os seus destinos?